



SECRETARIA

NIDIA MARIA AREVALO GOMEZ (1 para 2)  
ALCALDESA  
Data de Sinatura: 06/05/2019  
HASH: 0bed12eb498ab667db725586537f91b



ROSA RODRIGUEZ GONZALEZ (2 para 2)  
XEFE DE UNIDADE  
Data de Sinatura: 07/05/2019  
HASH: e1440215008ccade099f93ab5bdf1



ROF		
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>Sesión do Pleno do Concello 29.04.2019</b>	<b>Ref. 4/2019</b>
<b>TRÁMITE</b>	<b>Acta</b>	

### **ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE ABRIL DE 2019**

No Salón de actos da Casa Consistorial, sendo as 10:00 horas do día 29 de abril de 2019, réunese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa dona Nidia M<sup>a</sup> Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros e Concelleiras.

#### **Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:**

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín  
D. Alberto Méndez Lago  
D. José Luis Alonso Seijo  
D. Cándido Pérez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Sara M<sup>a</sup> Cebreiro Alonso  
D. Camilo Augusto Martínez  
D. Baldomero Lorenzo García

Polo grupo municipal de GañaMos:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Aurora Giráldez Leirós  
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha  
D<sup>a</sup>. Silvia González Pereira

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Concelleiros non adscritos

D. Emilio Muíños Pumar  
D. Pablo Castro Represas

**Secretaria Acctal.**

Rosa Rodríguez González



SECRETARIA

**Interventora Acctal.**  
Marina Taboas Bernardez

**Ausentes**  
D<sup>a</sup>. Julia Loureiro Campo  
D. Miguel Angel Rodríguez Alonso

**1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (1 de abril).**

Iníciase a sesión e non habendo alegacións, sometese á aprobación dos membros corporativos, a acta da sesión celebrada con data 1 de abril de 2019, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

**2. Sorteo das mesas electorais, con motivo das vindeiras Eleccións Municipais e ao Parlamento Europeo do 26 de maio de 2019, de acordo co establecido no art. 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.**

Na oficina do Rexistro Municipal procédese a realizar sorteo público para a designación dos presidentes e vogais que comporán as mesas nas vindeiras eleccións, fanse tres sorteos para os efectos da debida substitución das persoas que sexan debidamente escusadas en prazo, en presenza dos membros corporativos dos grupos políticos a través do programa informático regulamentariamente establecido, coa intervención da funcionaria encargada do Padrón dona Eugenia Cameselle Díaz, producíndose os resultados seguintes:



SECRETARIA

Realizado o sorteo cós resultados transcritos, de conformidade có establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 5/1986, de 19 de xuño, de Réxime electoral xeral, o Pleno, adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar conformidade ao sorteo realizado segundo a composición recollida na presente acta, para a formación das mesas nas vindeiras eleccións municipais e ao Parlamento Europeo a realizar 26 de maio de 2019.

Segundo.- Dar conta do presente acordo dentro do prazo máximo establecido na normativa electoral aos designados compoñentes das mesas e á Xunta electoral de Zona de Tui para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **3. Modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles (IBI). Introducción de bonificación fiscal.**

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 24 de abril de 2019.

O Sr. Rodríguez Dasilva di que van votar a favor pero pregunta como se vai dar encaixe as asociación que teñen dificultade para xustificar.

Responde a Sra. Alcaldesa que xa está regulada axustándose a realidade.

Engade a concelleira de cultura que se trata de gasto corrente.

O Sr. Muíños Pumar di que se queremos solucionar este problema ás asociacións hai que votar

O Sr. Aldea Moscoso pregunta si hai normas para rexistrarse no Rexistro Municipa.

Responde a Alcaldesa que si hai normas para poder rexistrarse.

A Sr. Pérez Ucha di que votarán a favor xa que as asociacións son as que teñen un tecido cultural dentro do municipio.

A Sra. Alcaldesa explica que se leva 5 anos tratando de buscar solución e agora co cambio da lei podese facer.

A continuación sométese a votación ordinaria, que resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes, o seguinte ACORDO



SECRETARIA

**Primeiro.-** Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles (IBI) no seu artigo Artigo 10. Bonificacións, co seguinte texto:

3.- *Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolven actividades económicas que sexan declaradas de especial interese por concorrer circunstancias culturais.*

*Aos efectos deste artigo, considerarase que concorren actividades económicas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais, cando:*

— *O suxeito pasivo estea inscrito no Rexistro de Asociacións do Concello de Mos .*

— *No inmovible se realicen actividades culturais de acceso público.*

— *Que nos estatutos de constitución entre os fins e actividades da asociación aparezan recollidas actividades relacionadas con: o Camiño de Santiago; o mantemento de traballos tradicionais; o fomento da cultura popular (tales como baile, folklore, música; estudo fomento e protección de actividades artísticas e/ou literarias).*

*Corresponde ao Pleno da Corporación, a facultade de declarar por maioría simple, a declaración de especial interese ou utilidade municipal e a revogación de dita declaración. O interesado deberá solicitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal. Coa súa solicitude achegará: certificado emitido polo secretario/a da asociación ou representante legal onde se recolla a memoria de actividades culturais de acceso ao público que non beneficien de xeito exclusivo aos seus administrados do ano inmediato anterior para o que se solicite a bonificación; acreditación de estar dado de alta no IAE; xustificación de estar ao corrente coas débedas ante facenda pública e a seguridade social.*

*Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos entre o 1 e 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao exercicio en que deba surtir efectos.*

4.- *Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolven actividades económicas que sexan declaradas de utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais.*

*Aos efectos deste artigo, considerarase que concorren actividades económicas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, cando:*

— *O suxeito pasivo estea inscrito no Rexistro de Asociacións do Concello de Mos .*

— *No inmovible se realicen actividades sociais de acceso público.*

— *Que nos estatutos de constitución entre os fins e actividades da asociación aparezan recollidas actividades relacionadas coa protección dos intereses de grupos de especial vulnerabilidade tales como: persoas con discapacidade, terceira idade, inmigrantes, mulleres vítima de violencia de xénero ou aquelas outras que así se acrediten polo servizos sociais municipais.*



SECRETARIA

*Corresponde ao Pleno da Corporación, a facultade de declarar por maioría simple, a declaración de especial interese ou utilidade municipal e a revogación de dita declaración. O interesado deberá solicitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal. Coa súa solicitude achegará: certificado emitido polo secretario/a da asociación ou representante legal onde se recolla a memoria de actividades culturais de acceso ao público que non beneficien de xeito exclusivo aos seus administrados do ano inmediato anterior para o que se solicite a bonificación; acreditación de estar dado de alta no IAE; xustificación de estar ao corrente coas débedas ante facenda pública e a seguridade social.*

*Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos entre o 1 e 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao exercicio en que deba surtir efectos.*

**Segundo.-** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación de devandito anuncio e no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

**Terceiro.-** No caso de que non se presentasen alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o Acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **4. Modificación da Ordenanza de Medio Ambiente**

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Ambiente celebrada o 24 de abril de 2019.

Non habendo debate, sométese, a votación ordinaria, e resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes, o seguinte ACORDO

**Primeiro.-** A aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal de Medio Ambiente nos seguintes termos:

Anular os artigos 8, 10, 11, 405, 407 e 408.

Anular parcialmente os seguintes preceptos:

**O Artigo 404** se anula parcialmente en canto establece que “O presente título ten por finalidade a harmonización do despregue das redes de radiocomunicación coa protección da saúde das persoas”, quedando coa seguinte redacción:

“O presente título ten por finalidade a harmonización do despregue das redes de radiocomunicación coa protección do medioambiente e a súa integración no contorno urbanístico e territorial”.

**O artigo 406:** se anula no inciso final do primeiro parágrafo (“...velando para que as instalacións ofrezan un mínimo de garantía de salubridade na súa área de influencia”),



SECRETARIA

mantendo o inciso inicial do primeiro parágrafo; e anulando tamén a mención incluída no segundo parágrafo do precepto aos criterios de afectación á saúde das persoas e á obsolescencia tecnolóxica, manténdose o resto da redacción do precepto coa redacción “*neste senso, puideráanse establecer limitacións de implantación por impacto paisaxístico e .... por afectación de núcleos históricos*”, quedando coa seguinte redacción:

*A Administración favorecerá aquelas infraestructuras que produzan un menor impacto visual e ambiental sobre o entorno..*

*Neste senso, puideranse establecer limitacións de implantación por impacto paisaxístico e por afectación de núcleos históricos”.*

**O artigo 411;** se anula solo en canto establece que os operadores están obrigados a “*incorporar as melloras tecnolóxicas que aparezan e contribuír a reducir os niveis de emisión dos sistemas de radiantes.*”, quedando coa seguinte redacción:

*“Os operadores están obrigados a manter as súas instalación nas debidas condicións de seguridade, estabilidade e conservación, así como a minimizar o impacto ambiental e visual de acordo co fin do presente título”.*

**Segundo.-** Someter a referida modificación da Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias. De non presentarse reclamacións, a modificación da Ordenanza se considerará aprobada definitivamente de forma automática.

#### **5. Aprobación do inicio do expediente de desafectación do inmoble da antiga escola de San Rafael.**

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes o 24 de abril de 2019.

O Sr. Rodríguez Dasilva mostra o apoio a Asomamos e a Asociación contra o cancro, ao abrir este expediente enteramonos que a ludoteca non está funcionando e quere saber porque non se foi capaz de que funcionase a ludoteca e porque se invertiu na de Louredo cando non funcionaba a de San Rafael, e que tamen quere saber os criterios para darllos a estas asociacións e non a outras.

A Sra. Pérez Ucha manifesta que se alegran polas dúas asociacións pero oxala que fora noutro lado porque significaría que funcionaba a ludoteca e consideraban que é un bo servizo.

O Sr. Aldea Moscoso, apoian o cambio xa que están no multiusos e non é o lugar para estas asociacións, sobre a inversión na ludoteca de Louredo como patrimonio do Concello hai obrigación de consérvalo.

O Sr. Muiños Pumar, que coincide co exposto que o multiusos non é o sitio axeitado.

O Sr. Castro Represas apoia o asunto xa que as asociacións merecen un local de acordo a suas actividades e se as ludotecas non funcionaron, pois non funcionaron e nada mais.



SECRETARIA

A Alcaldesa, comparte o dito polo Sr. Aldea de que o Concello ten a obriga de conservar o seu patrimonio e o que se fixo, buscar fondos noutras administracions e arranxar Louredo. Sobre a de San Rafael, di que hai dúas asociacións que destacan sobre todas en Mos, no municipio hai 22 asociacións culturais pero que traballe cos maiores solo é Asomamos e a única que trata cos enfermos de cancro, é Asociación contra o Cancro; e ámbalas dúas necesitan mais espacio e buscouse unha solución.

Non habendo intervencións, sométese a votación ordinaria, que resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes, o seguinte ACORDO:

Aprobar o inicio do expediente para proceder a cambiar a cualificación xurídica do inmovible das antigas escolas de San Rafael a ben patrimonial, ao deixar de cumprir a finalidade pública á que estaba destinado.

#### **6. Dación de conta do Plan de Concellos 2019.**

Dáse conta ao Pleno, que pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2019, aprobouse solicitar os seguintes proxectos en relación a esta convocatoria:

Subvencións solicitadas dentro da LIÑA 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes incluídos os derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, etc. :

- Presentado o proxecto: **SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE MOS**, por un importe total de 96.277,48 €

- Neste caso :

▣ Subvención solicitada a Deputación de Pontevedra : 87.819,13 €

▣ Cofinanciación por parte do Concello de Mos: 8.458,35 €

Subvención solicitada dentro da LIÑA 3: Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais::

- Presentada a Deputación de Pontevedra unha memoria para a contratación de 6 traballadores , destinando a cantidade total de 67.764,90 € , repartida da seguinte forma:

▣ Subvención solicitada a Deputación de Pontevedra por importe de : 66.557,40 €

▣ Confinanciamento por parte do noso Concello de 1.207,5 €, destinado ao pago das indemnizacións por fin de contrato destes traballadores ( concepto non subvencionable)

▣ Postos solicitados:

▣ Operario conservador de parques e xardíns ( 3 postos)

▣ Peón de obras públicas ( 3 postos )



SECRETARIA

### 3. Subvención solicitadas dentro da LIÑA 1: INVESTIMENTOS

□ **Acordouse** solicitar que todos os sobrantes das liñas 2 e 3 que se produzan se destinen a Liña 1: investimentos, como así o recolle na base 1ª do Plan Concellos 2019 , e na base 5ª do Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2018-2019.

□ Proxectos presentados dentro da liña 1:

1. Proxecto de edificación deportiva destinada a Ximnasio no campo de Fútbol de Coto Torrón.” Redactado polo Arquitecto Municipal , D. Manuel Toucedo Rodríguez, por un importe total de 48.333,45 €,

2. Proxecto “Mellora na Seguridade Viaria na Estrada Alto de Barreiros-Santiagoño. Parroquia de Louredo.” Redactado pola Enxeñeira Municipal , D. Raquel González Gómez , por un importe total de 100.114,61 €

En ambos proxectos, solicítase a subvención na súa totalidade por parte da Deputación de Pontevedra, a través desta convocatoria.

### **7. Resolucións Alcaldía.**

Dáse por realizado o trámite.

### **8. Comunicaci3ns de Alcaldía.**

No hai comunicaci3ns.

### **9. Rogos e preguntas.**

*(Antes do inicio deste punto a Sra. Alcaldesa ausentase e pasa a presidir o Pleno o primeiro tenente de Alcalde, Sr. Méndez Lago).*

O Sr. **Rodríguez Dasilva**, di que as preguntas do último Pleno están sen contestar, pregunta cando se van responder.

O Sr. Mendez Lago dille que el non pode contestar a iso e que se trasladará a Alcaldía.

Recorda o problema dos veciños do camiño de Coto da Arriba, en Sanguñeda que se fixo a finais de novembro e agora está peor que antes, que hai un veciño que xa presentou dous escritos sobre o tema, pregunta si se pagou.

Responde o concelleiro de vías e obras, que non se pagou que se fixo con persoal do Concello que non está peor pero si que hai sitios que non esta ben e haberá que arranxalo.

No camiño do Casal o alumeado público ten unha avaría.

O concelleiro delegado de alumeado, di que xa ten coñecemento a empresa encargada do servizo e que se vai arranxar.





SECRETARIA

Sobre unhas obras particulares ao lado do edificio de urbanismo di que está acopiando material ao lado e pregunta si ten todos os permisos para acopio de material, e que se controle que o vehículo das obras non aparque nin na parada de autobus nin a de praza de minúsválidos.

O Concelleiro Alonso Seijo di que si ten todos os permisos.

Sobre os recoñecementos de crédito, que acaba de levarse un Recoñecemento de 178.000 euros a Xunta de Goberno e pregunta cantos recoñecementos quedan pendentes e cantas facturas quedan por pagar e pide saber as facturas que están pendentes ata a data de hoxe.

Responde o Concelleiro, Sr. Méndez Lago, di que non hai mais recoñecementos de facturas do 2018, sobre o 2019 si que hai pendentes pero non sabe canto.

Sobre as obras dos campos de fútbol no monte de Pereiras, alegranse que se tomaron medidas para evitar as correntías pero consideran que non son suficientes, polo que piden que se faga o seguimento necesario para que as traídas non sufran ningún tipo de dano e pide que non se penalice as directivas das traídas que informan aos comuneros.

A **Sra. Giráldez Leirós**, pregunta pola base de telefonía que hai na Estivada, que hai dous anos aprobouse o desmantelamento en cinco días e agora, dous anos despois se lle concede licenza para a retirada e se lle da un prazo de 30 meses, que non o entenden e queren saber si se vai retirar ou esperar os 30 meses.

Sobre as ludotecas, queren saber canto se invirtiu nestes edificios.

Pregunta sobre a Senda peonil de Torroso e pide unha copia da autorización de Patrimonio.

Que en San Rafael, na explanada, estanse producindo situación perigosa con coches derrapando.

O Sr. Méndez Lago di que se falará co policía.

Pide que se poña o alumeado por detras de Talleres Note.

O concelleiro de alumeado di que pertence a Fomento e que xa se solicitou.

A **Sra. Pérez Ucha**, pregunta cando empeza o horario de verán do alumeado público no colexio de Atin.

Responde o concelleiro delegado de alumeado, Sr. Lorenzo García, que ás dez

Pregunta polo muro que se foi abaixo e que afecta os Regadores do queimado.

Responde o concelleiro de vias e obras, Sr. Alonso Seijo, que se vai arranxar.

No Colexio de Atin a entrada segue sen arranxarse.

Responde o concelleiro delegado de Educación, Sr. Augusto Martinez, que vai contratar varias obras a Xunta ao terminar as clases e sempre dándolle prioridade as acordadas coa dirección do colexio



SECRETARIA

**A Sra. González Pereira** comunica que siguen pasando os camiões grandes na zona do Agueiro.

Responde o concelleiro, Méndez Lago, que hai sinais e que se avisará á policía para que vixie a zona.

**O Sr. Aldea Moscoso**, pregunta pola liquidación do ano pasado.

Responde o Sr. Méndez Lago que é competencia da Alcaldía.

**O Sr. Castro Represas**, quere saber que vai pasar cos postes que quedan fora da acera nas obras de San Eleuterio.

Responde o concelleiro delegado de Vías e Obras, Sr. Alonso Seijo, que os da entrada de San Eleuterio van ser soterrados e os outros dous retranqueados.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde en funcións, levanta a sesión sendo as once horas do vinte e nove de abril de dous mil dezanove, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

A Alcaldesa,

Visto e prace

A secretaria acctal.,

Nidia M<sup>a</sup> Arévalo Gómez

Rosa Rodríguez Gonzálezález



/



Cod. Validador: 9FEMX9JH7HKL4FDYXYSCYM | Corrección: <http://mos.sedelectronica.gva.es>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión pública | Páxina 37 a 37

